



O álbum colectivo presenta moitas similitudes coas anotacións colectivas, a diferenza aquí estriba en que os textos introducidos como explicación do que se queira mostrar pode ser máis extensa e que ademais require a necesidade de introducir unha imaxe (jpg) para cada un dos temas así ao pasar o rato por enriba das fotos podemos ver o "título ou palabra" sobre a que se fai así como unha breve descrición.

Opcionalmente o alumnos pode introducir enlaces a lugares de Internet onde a ampla a información sobre o tratado.

Facendo clic en cada imaxe podemos ver o traballo completo:

Neste caso estamos a ver a imaxe e datos recollidas por unha alumna sobre a Muralla China.

Observe que é moi doado conseguir un número importante de imaxes e información sobre un tema co traballo dos seus alumnos e Internet.



Os apartados de páxina web, xestión de usuarios e "TemaUI" son exactamente igual que nas "anotacións colectivas" (explicadas nese tutorial).


No apartado de "**Área visible**" atopamos os seguintes puntos (de arriba abaixo).



1. - Tamaño das miniaturas das imaxes.
2. - Características da fonte do texto que aparece enriba da imaxe (neste caso "Einstein"). Na seguinte liña podemos indicar, se estará en grosa, itálica, a cor do fondo dese texto, o nivel de transparencia dese fondo e se haberá ou non sombra.
3. - Determinaremos se as miniaturas aparecen ordenadas ou colocadas aleatoriamente.


4. - Finalmente indicaremos o número de "entradas" que se poden crear.

No apartado "**Pop-up**" configuraremos o aspecto da información que aparece nun recadro ao pulsar sobre as imaxes



Observe as frechas e os valores que pode determinar para cada un dos apartados. Debaixo da imaxe na etiqueta "Fondo" pode indicar a cor de fondo para toda a información, xusto debaixo pode indicar se todo o rectángulo no que se mostra a información terá ou non sombra.

Na pestana "**Etiqueta \ Mensaxes**" os apartados referentes á páxina web e botóns son exactamente iguais que nas "anotacións colectivas".



**Edit:** é a etiqueta que aparecerá ao poñer o rato enriba deste botón que nos permite introducir/modificar datos aos usuarios introducidos na xestión de usuarios.

**Recharge:** etiqueta neste caso, para a recarga da páxina, cando o alumnado está a introducir as súas palabras, para ver, "o último" utilízase este botón.

**Alumnos e alumnas:** ao igual que no primeiro, etiqueta do botón que permite ao docente ver unha táboa con todos os usuarios e as palabras introducidas, este botón unicamente aparece cando o usuario é un profesor podendo dende esa táboa o docente eliminar aquela entrada do alumnado que non considere oportuna. Na mesma liña podemos introducir a pregunta que se fará cando se desexa eliminar un traballo dun alumno.

**Borrar palabra:** como se comentou isto só pódeno facer os autores ou o profesorado, en ningún caso un alumno pode borrar a entrada doutro. Introdúcese a pregunta de confirmación previa ao borrado da palabra.

**Gardar:** Premer este botón, logo de pregunta de confirmación a que tamén se lle cambia o texto, os datos introducidos pasarán a ser un novo elemento do noso álbum. En cando ao apartado de introdución de datos nos atopamos co seguinte:

Este será o aspecto que terá a área de introdución de datos, en "**Jobs added**" refírese a "traballos feitos" que poderá elixir no despregable da dereita desta etiqueta, neste despregable aparecerá, cando o alumno teña introducido un post it, as palabras xa publicadas por el, ao seleccionar unha pode modificar os seus datos ou simplemente borrarla.

**Word** é a etiqueta que indica ao alumno o lugar onde introducirá a súa palabra. Á súa dereita introduciremos a mensaxe que aparecerá no caso de que non escribise nada. O mesmo acontece con "descripción". Á dereita de ambas as dúas \$ ¡ aparece a mensaxe que se mostrará no caso de que o alumno intente gardar os datos sen unha palabra principal.

"**Archivo imaxe**" é a etiqueta para indicar ao alumno que alí debe de buscar o arquivo coa imaxe que se "vai subir" ao servidor.

"**ancho**" é a etiqueta que indica ao alumno que introduza un número para o ancho que vai ter a imaxe que ao subir ao servidor se reducirá o seu tamaño ata o indicado polo alumno.

Por último debemos en "**CKEditor**" elixir o aspecto que tendrá o lugar para a introdución do texto grande. Esta é unha ferramenta allea a Ardora, na propia pantalla pode acceder tanto ao seu web coma ao seu lincencia de uso. Finalmente deberemos de **gardar o noso traballo** e "**publicar**".

Por último só nos queda gardar o noso traballo e publicalo.

## PUBLICAR PÁXINA

Para publicar a nosa páxina debemos, na primeira pestana de "Contido inicial", cubrir os seguintes datos:

No caso da imaxe da esquerda, dentro de "D:\Actividades" creárase unha carpeta de nome "cientificos" (recorde que non é conveniente usar eñes, acentos ou espazos en branco nos nomes de carpetas e arquivos) que conterá todo o necesario para que a páxina funcione unha vez situada no

servidor. Dentro desta carpeta, entre outras carpetas necesarias para o seu funcionamento (como a que contén a xestión de usuarios) creárase unha carpeta co nome "album" (este é o primeiro valor introducido) e dentro desta carpeta atoparemos un ficheiro que se chamará "index.php". Este arquivo será o que debemos de chamar para que a páxina se execute. É dicir que se nós subimos a carpeta "cientificos" ao raíz do noso servidor, para acceder á actividade deberíamos teclear na dirección do noso navegador algo parecido a *http://www.nuestroservidor.com/cientificos/album*

Se instalou o servidor web con PHP recorde que pode facer "vistas previas" da páxina o que lle dará unha idea exacta do "resultado final".

Únicamente temos que tener en cuenta que, en algunos servidores y servicios de hosting, una vez subida la carpeta al servidor y antes de acceder a nuestra página debemos de buscar dentro de "cientificos", una carpeta llamada **"ardoraWorkFiles"** y **dar permisos de lectura y escritura para todos los usuarios (CHMOD 777)**, cualquier programa de FTP permite hacer esto de una forma muy sencilla, por ejemplo, en **"Filezilla"** (si no conoce otro, este es más que aceptable, además es gratuito) basta hacer clic con el botón derecho encima de la carpeta ardoraWorkFiles situada ya en el servidor y **seleccionar permisos de archivo**, en la ventana que aparece debe de estar marcado todas las casillas, verá que en "valor numérico" aparece un 777, **NO se olvide de marcar también la casilla "Incluir todos los subdirectorios"** y en este caso marcar la opción "Aplicar a todos los ficheros y directorios" (observe la imagen).

